

**Principais novidades do real decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, que no título I do seu libro segundo incorpora ao ordenamento xurídico español a directiva UE 2016/97 sobre a distribución de seguros. (entrada en vigor o 6 de febreiro de 2020)**

<b>Nova clasificación</b> Os mediadores de seguros forman parte dos distribuidores de seguros, xunto coas entidades aseguradoras e unha nova figura: os mediadores de seguros complementarios.	– Artigo 134
<b>Contas de clientes separadas</b> O/a mediador/a de seguros debe acreditar que os fondos pertencentes aos clientes son transferidos a través de contas de clientes completamente separadas do resto de recursos económicos do mediador/a, nas que unicamente se xestionen recursos económicos daqueles/as. Para esta adaptación establécese o prazo máximo de 3 meses a partir da entrada en vigor do real decreto-lei.	– Artigo 136.4 – Disposición transitoria terceira, punto 6
<b>Novos importes de capacidade financeira</b> Para os corredores de seguros increméntase o importe mínimo do seguros de caución ou aval a 19.510 € salvo que haxa un pacto expreso de capacidade financeira.	– Artigo 157.f
<b>Novos importes de responsabilidade civil profesional</b> Para os corredores de seguros increméntanse as contías do seguro de responsabilidade civil profesional a un mínimo de 1.300.380 € por sinistro e 1.924.560 € para todos os sinistros correspondentes a un determinado ano.	– Artigo 157.g
<b>Produtos de investimento baseados en seguros</b> Regúlanse os produtos de investimento baseados en seguros. Neste caso, ademais da información xeral a proporcionar ao cliente, facilitarase información adecuada sobre os produtos de investimento así como os custos e gastos asociados, que incluírá o estipulado no artigo 180.1	– Artigos 178 -183
<b>Cancelación</b> A falta de efectiva actividade como causa de cancelación no rexistro administrativo se produce cando se aprecie que en 2 anos consecutivos o volume anual de negocio do corredor sexa inferior a 100.000 € ao ano en primas distribuídas, e, no caso de mediadores de seguros complementarios, reducirase a 30.000 €. O cómputo realizarase unha vez transcorridos tres exercicios dende o seguinte ao que se realizara a inscrición. No caso de corredores de seguros inscritos no momento da entrada en vigor deste real decreto-lei no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros previsto na lei 26/2006, o cómputo-deberá realizarse a partir do exercicio seguinte ao da entrada en vigor desde real decreto-lei.	– Artigo 190 – Disposición transitoria terceira

**Principais novidades do real decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, que no título I do seu libro segundo incorpora ao ordenamento xurídico español a directiva UE 2016/97 sobre a distribución de seguros. (entrada en vigor o 6 de febreiro de 2020)**

**Sancións**

En materia de sancións aumentan considerablemente as multas tanto en infraccións moi graves, como en graves e leves.

- Artigo 194

**Formación**

En materia de formación, o Anexo XII especifica os requisitos mínimos en materia de competencia e coñecementos profesionais dos distribuidores de seguros. Regulamentariamente desenvolveranse os requisitos necesarios para poder organizar cursos. O real decreto 764/2010 e a resolución do 18 de febreiro de 2011 seguen vixentes ata que se aprobe a nova normativa nesta materia.

- Artigo 165
- Disposición adicional 12
- Disposición final 15
- Anexo XII

**Réxime de adaptación, contratos preexistentes e vixentes á entrada en vigor do real decreto-lei**

Os mediadores de seguros que estivesen rexistrados á data da entrada en vigor do real decreto-lei non deberán rexistrarse de novo..

O título 1 do libro segundo do real decreto-lei non será de aplicación aos contratos de seguros subscritos con anterioridade a súa entrada en vigor, salvo os que fosen obxecto de novación extintiva dende o momento en que se produza.

Os contratos vixentes á entrada en vigor do real decreto-lei permanecerán en vigor en todos os seus termos, condicións e antigüidade, sen prexuízo das adaptacións que correspondan ás novas obrigas de información e normas de conduta.

- Disposición transitoria terceira
- Disposición transitoria cuarta
- Disposición transitoria quinta

**Conservación de documentación precontractual**

Establécese un novo prazo mínimo de 6 anos para a conservación de documentos nos que se plasme a información precontractual entregada ao cliente, dende o momento da finalización dos efectos do contrato.

- Disposición adicional 13